



ANEXO III.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE CONDUCTOR DE MOTOBOMBA E LABORES DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS.

1.- Relación xurídica co concello:

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 8 e salario bruto mensual 1.000 € incluída a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásese tamén a este tipo de contrato.

2.- Horario e condicións do posto de traballo:

Tanto o horario de traballo como os traballos e ubicación concreta dos mesmos indicaráselle polo responsable do departamento de persoal segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

3.- Titulación requirida:

Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente.

4.- Requisitos específicos:

Deberá contar con carné de conducir C.

5.- Baremo do concurso:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Experiencia na prestación do servizo de conductor motobomba: 0,5 puntos por mes traballado ata un máximo de 4 puntos.
- Experiencia na prestación de servizos de prevención ou loita contra incendios: 0,5 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

b) FORMACIÓN:

- Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.



c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos
- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos
- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados unicamente se valorará o de maior puntuación.

6.- Proba práctica.

Trala valoración do concurso, realizarase unha proba práctica, consistente no manexo do camión motobomba para ver as aptitudes e capacidade de cada aspirante.

Esta proba valorarase con ata 6 puntos.

7.- Proba de esforzo.

Antes da contratación, o aspirante deberá pasar unha proba de esforzo e unha revisión médica que o acredite como apto para este tipo de traballo.